

# contra el cáncer

Primer semestre de 2026.  
Publicación gratuita. Nº 37



asociación  
española  
contra el cáncer

REVISTA DE LA JUNTA PROVINCIAL DE A CORUÑA DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER

## El Consejo Provincial de la Asociación se renueva

Javier Álvarez Barbeito toma el relevo  
de Manuel Aguilar en la presidencia



Nace la 'Rede de  
Concellos Contra  
o Cancro' con  
el apoyo de la  
Diputación de A  
Coruña



La  
Asociación ya  
cuenta con  
77 Espacios  
Sin Humo en  
la provincia



# ESTE VERANO TEN DOS DEDOS DE FRENTE. O CUATRO.



Utiliza la “REGLA DE LOS DOS DEDOS”:

Dos dedos de fotoprotector en cara y cuello y dos en cada brazo. Y cuatro dedos en espalda, cuatro en cada pierna y cuatro en el torso.



**Y RENUEVA TU FOTOPROTECTOR  
AL MENOS CADA DOS HORAS.**

## sumario

- 4** Nuevo **Consejo Provincial** de la Asociación
- 6** **Día Mundial Contra el Cáncer**
- 10** **Día Mundial Contra el Cáncer de Colon**
- 13** **En Marcha Contra el Cáncer**
- 17** Presentación de la 'Rede de Concellos Contra o Cancro' en el **Encuentro** de Juntas Locales
- 20** Los **Clubs de Salud** se extienden a A Laracha y Ortigueira
- 22** **Tabaco**
- 26** **Entrevista.** Javier Álvarez Barbeito: 'El valor de las Juntas Locales de la Asociación es incalculable'
- 30** La **Cuestación** moviliza a la sociedad contra el cáncer
- 32** **Atención al paciente.** El valor del apoyo grupal en el proceso oncológico
- 34** La Asociación da voz a los **pacientes**
- 35** **Prevención solar**
- 36** **Testamento vital**
- 38** **Humanización** de la sala de espera de Oncología del CHUS
- 40** **Juntas Locales**
- 42** **Paseos Culturales por Ferrolterra**
- 44** **Voluntariado** por la ciencia
- 46** **Investigación**
- 48** **Iniciativas solidarias**

## staff

|               |                                                   |
|---------------|---------------------------------------------------|
| Director      | DANIEL VIÑA                                       |
| Redacción     | XOSE ALDÁMIZ, PILAR PÉREZ<br>Y VÍCTOR PORTO       |
| Fotografía    | XOSE ALDÁMIZ Y JUNTAS LOCALES<br>DE LA ASOCIACIÓN |
| Maquetación   | MARTA ÁLVAREZ                                     |
| Producción    | AGUAMARINA<br>COMUNICACIÓN<br>Y EVENTOS           |
| Imprenta      | MUNDO                                             |
|               | D.L.: C 2178-2008                                 |
| Periodicidad: | MÚLTIPLE                                          |



## editorial

El 24 de marzo, un nuevo Consejo Provincial tomó las riendas de la Asociación Española Contra el Cáncer en la Provincia de A Coruña. Con ilusión y la firme voluntad de seguir trabajando por las personas con cáncer y sus familias, queremos continuar con el magnífico legado del equipo anterior, encabezado por Manuel Aguilar, cuya labor ha sido ejemplar. Recogemos el testigo con gran honor, conscientes de que la fuerza de la Asociación reside en su gente: voluntarios, socios y profesionales que sostienen una entidad cercana, eficaz y profundamente humana.

Sobre ese cimiento queremos construir, con la humanización en el centro de nuestra acción. Humanizar es entender la atención como un modelo integral que reconoce la dignidad, la experiencia y la autonomía de cada persona durante todo el proceso oncológico. Significa escuchar, acompañar y adaptar el sistema a sus necesidades reales, porque el cáncer, además de una enfermedad que tratar, implica dolor, miedo y secuelas que aliviar. Ese propósito se traduce en hechos. Cuando alguien solicita nuestra ayuda, realizamos una valoración integral de sus circunstancias personales, clínicas, emocionales y sociales, y diseñamos un plan de atención individualizado. Nuestro equipo multidisciplinar —psicología, fisioterapia, trabajo social, logopedia y nutrición— garantiza una atención completa, centrada en la persona.

Humanizar es también convertir al paciente en protagonista, no en mero espectador. Lo demuestra el programa *Voz del Paciente*, que sitúa su experiencia en el centro de la mejora del sistema. Con él recogemos sus vivencias y expectativas para transformarlas en conocimiento útil con el que diseñar servicios e incidir en políticas públicas. De esta forma, más allá de ser atendidas, las personas se convierten en agentes de cambio para una atención más humana y participativa.

La humanización exige, además, transformar los espacios asistenciales en lugares que acojan, orienten, alivien y cuiden sin añadir angustia. Lo ilustra el Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que el 26 de febrero inauguró una nueva sala de espera para su Servicio de Oncología. Con la remodelación de una de sus terrazas se ha creado un espacio más humano para pacientes, familias y acompañantes.

Y humanizar es cuidar a quienes cuidan. En este sentido, desde la Junta Provincial de A Coruña formamos a profesionales hospitalarios y a futuros sanitarios mediante charlas y talleres sobre comunicación con pacientes y familias. Además, desarrollamos intervenciones grupales de manejo emocional para familiares y cuidadores, que les ayudan a afrontar el impacto del cuidado.

Juntos, avanzamos hacia una atención más humanizada y hacia el sueño de un futuro sin cáncer. Muchas gracias a todos los que ayudáis a hacerlo posible.

**Junta Provincial de A Coruña de la Asociación Española Contra el Cáncer:** Javier Álvarez Barbeito, Alfredo Castro, Emilia Morandeira, María García, Beatriz Benito, Manuel Aguilar, Xoán Miguel Concheiro, Isabel Estevan, Angélica Figueroa, Rosario García Campelo, Otilia Mourelo e Isabel Sanesteban.





X. M. Concheiro, O. Mourelo, R. García Campelo, A. Castro, J. Álvarez Barbeito, E. Morandeira, I. Estevan, M. Sanesteban, A. Figueroa e M. Aguilar

## Novo Consello Provincial da Asociación

Javier Álvarez Barbeito foi elixido presidente da entidade o 24 de marzo e releva a Manuel Aguilar, que alcanzou o máximo de oito anos de mandato que estipulan os Estatutos da Asociación

Por Xose Aldámiz



Beatriz Benito



María García

**A** Asociación Española Contra o Cancro na Provincia da Coruña iniciou unha nova etapa coa renovación do seu Consello Provincial. Javier Álvarez Barbeito —anterior viceteseiro— foi elixido presidente, nomeamento que ratificou o Consello Nacional da Asociación o 24 de marzo. O novo representante provincial releva no cargo a Manuel Aguilar despois de que este alcance o período máximo de oito anos de mandato, tal e como estipulan os Estatutos da institución. Con todo, seguirá colaborando coa Asociación como vogal.

O novo Consello Provincial está composto integramente por persoas voluntarias, tal e como establece a

entidade. Durante os próximos catro anos, este equipo garantirá a continuidade do labor da Asociación na provincia e buscará seguir ampliando o alcance da súa actividade co obxectivo de chegar a máis persoas con cancro e ás súas familias. Os integrantes do órgano de goberno provincial determinarán as liñas de actuación da entidade para favorecer o apoio e o acompañamento a pacientes e familiares, a prevención e a promoción de hábitos de vida saudables, o impulso da investigación oncolóxica e a incidencia social e política en favor das persoas con cancro.

O Consello Provincial da Asociación Española Contra o Cancro na Coruña quedou conformado polos seguintes membros:

### Presidente:

 Javier Álvarez Barbeito

### Vicpresidente:

 Alfredo Castro Moral

### Secretaria:

 Emilia Morandeira Fariña

### Tesoureira:

 María García Fernández

### Viceteseiro:

 Beatriz Benito Bañuelos

### Vogais:

 Manuel Aguilar López

 Xoán Miguel Concheiro Abal

 Isabel Estevan Serrano

 Angélica Figueroa Conde-Valvis

 María Rosario García Campelo

 Otilia Mourelo Barreiro

 María Isabel Sanesteban Pita

1/6

Este número é indicativo do risco do produto sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

FONDO DE GARANTÍA. ABANCA está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos de entidades de crédito. O fondo garante ata un máximo de 100.000 euros por depositante e entidade de crédito.

Por traer a túa nómina  
dámosche as grazas  
e algo máis.

*Crece*

Ven e leva

500€\*

por traer a túa nómina ou a cota de autónomo

Se no teu banco non pasa,  
pasa do teu banco

**//ABANCA**  
A mellor

\* Promoción válida ata o 31/12/2026. 500 € brutos para novos clientes que domicilien unha nómina/pensión/cota de autónomo nunha conta ABANCA composta por conta á vista, tarxeta de débito, tarxeta de crédito (sujeito a análise de risco da entidade). Tarifa Plana de ABANCA Seguros, Banca a Distancia (inclúe o servizo de e-correspondencia) e Servizo de Avisos por correo electrónico. Importe mínimo: nómina/pensión 1.200 €/mes; cota de autónomo 50 €/mes, manténdoa 24 meses e asinando un compromiso de permanencia. Rendemento de capital mobiliario monetario suxeito a retención. Non acumulable a outras promocións nómina/pensión/autónomo. No caso de ter a nómina/pensión/cota de autónomo domiciliada en ABANCA nos últimos 12 meses non terá acceso.



## A provincia únese cos Brazaletes de Esperanza

Baixo o lema *O símbolo que nos une*, centenaes de clubs deportivos e empresas da provincia sumáronse á Asociación na súa campaña para o Día Mundial Contra o Cancro

Por Xose Aldámiz

**P**ara conmemorar o compromiso e a unión da sociedade no Día Mundial Contra o Cancro —4 de febreiro—, a Asociación celebrou a terceira edición da iniciativa Brazaletes de Esperanza baixo o lema *O símbolo que nos une*. Centos de equipos portaron a cor verde da Asociación e da esperanza con brazaletes que puxeron de manifesto o acompañamento, apoio e humanización fronte á enfermidade. Na provincia coruñesa participaron máis de

130 entidades deportivas durante as xornadas das fins de semana do 30 de xaneiro e do 6 de febreiro. Ademais, varios edificios, monumentos e espazos emblemáticos da provincia ilumináronse de verde durante eses días, sumándose á iniciativa e contribuíndo a dar maior visibilidade ao Día Mundial Contra o Cancro.

Brazaletes de Esperanza iniciouse en 2024 como unha iniciativa deportiva, pero pasou a ser un movemento social ao que se uniron todos os deportes, ademais de empresas e institucións. O obxectivo da campaña consistiu en sensibilizar á sociedade sobre as necesidades de pacientes, familiares e coidadores. Tamén reivindicou a adaptación dun modelo de atención integral a cada realidade, que a Asociación presentou o propio 4 de febreiro. A prioridade da proposta é a humanización da asistencia, entendida como poñer á persoa no centro do sistema, non só desde unha perspectiva ética e relacional, senón tamén como un factor con impacto directo na saúde, nos resultados clínicos e na experiencia do proceso asistencial.

**NA PROVINCIA CORUÑESA PARTICIPARON MÁIS DE 130 ENTIDADES DEPORTIVAS DURANTE AS XORNADAS DAS FINS DE SEMANA DO 30 DE XANEIRO E DO 6 DE FEBREIRO**



Ferrol



A Coruña



Carral



As Pontes de García Rodríguez



Betanzos



A Pobra do Caramiñal



Cedeira



Coristanco



Camariñas



## EDIFICIOS, MONUMENTOS E ESPAZOS EMBLEMÁTICOS DA PROVINCIA ILUMINÁRONSE DE VERDE

Na campaña deste ano participaron os equipos das competicións oficiais das Reais Federacións Españolas de Fútbol, Balonmán, Rugby, Hóckey e Voleibol, a Federación Española de Baloncesto, LALIGA EA SPORTS, HYPERMOTION, GENUINE Moeve, Liga F Moeve, Liga Endesa ACB e Liga NEXUS Energía ASOBAL. En Galicia tamén se uniron a Real Federación Galega de Fútbol, as Federacións Galegas de Atletismo, Baloncesto, Balonmán e Voleibol e o Clúster Galego do Deporte.

Na Coruña celebráronse numerosos encontros que formaron parte de Brazaletes de Esperanza, como os que protagonizou o R.C. Deportivo no estadio de Riazor. As xogado-

ras do Dépor Abanca enfrontáronse ao Real Madrid o 1 de febreiro, e o equipo masculino xogou contra o Albacete o día 8 do mesmo mes. A fundación do club coruñés sumouse á campaña coa súa iniciativa Brazaletes Solidarios, centrada na loita contra o cancro durante todo febreiro. No partido do día 8 entregouse á Asociación un exemplar enmarcado do brazaletes deseñado para a ocasión, mentres que outra copia quedou exposta no Museo do Dépor. O brazaletes foi recollido polo entón vicepresidente Carlos Lamora, que estivo acompañado polos membros do Consello Provincial Javier Álvarez Barbeito e Beatriz Benito.

Pola súa parte, o Leyma Coruña mediuse contra o Melilla Ciudad o 1 de febreiro, e o Hóckey Club Liceo portou os brazaletes verdes durante os seus partidos contra o Benfica —5 de febreiro— e contra o Barça —8 de febreiro—. Ademais, participaron as Escolas Deportivas Municipais da Coruña, Club Rugby Coruña C.R.A.T.,

5 Coruña Fútbol Sala, Victoria C.F., Club Maristas Coruña, Real Club de Golf da Coruña, Club Pelota Coruña, Padelplus, Real Club Náutico da Coruña, Sporting Club Casino, Club Voleibol Cidade da Coruña, Lóstrego Voley, Club Voleibol Zalaeta, Hóckey Club Riazor, Marineda Hóckey, Club Halterofilia Coruña, O.A.R. Coruña, Brigantium Balonmán, Club Rítmica Coruña, Club Salesianos Coruña, C.D. Calasanz, Club Esclavas Coruña, Franciscanos Coruña, o ximnasio Coruña Sport Centre de Matogrande e a ciclista Eva Castro.

Na cidade departamental, o Racing Club de Ferrol portou os brazaletes no seu encontro do 7 de febreiro contra o C.D. Lugo —co apoio da

## BRAZALETES DE ESPERANZA INICIOUSE EN 2024 COMO UNHA INICIATIVA DEPORTIVA, PERO PASOU A SER TODO UN MOVEMENTO SOCIAL



Muxía



Cambre



Cabana de Bergantiños



Ares



Fisterra



Cariño



Curtis-Teixeiro



Santiago de Compostela



# DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO

ONG Asotrame—, ao igual que fixo o Baxi Ferrol o 31 de xaneiro contra o Cadí La Seu. Os encontros contaron coa presenza de representantes da Xunta Local, que apoiaron a iniciativa sobre o terreo. Entre as entidades participantes estiveron o Parrulo Fútbol Sala, S.C.D.R. Galicia de Caranza, Círculo Mercantil de Fene, Sociedade Deportiva O Val de Narón, Club de Campo, Club Kang, Club Waterpolo Marina Ferrol, Club CM Voleibol Ferrol, o centro de danza Paso a Paso e a escola Valdo Surf.

En Santiago de Compostela, Ana Peinó, integrante da Xunta Local, realizou o saque de honra no en-

contro da Terceira Federación Grupo 1 Feminino entre o Victoria F.C. e o Orzán S.D., disputado no Campo Municipal de Santa Isabel o domingo 8 de febreiro. Ademais, contouse co apoio do Monbus Obradoiro, que saíu á cancha cos brazaletes verdes no seu partido contra o Oviedo o 31 de xaneiro, coa asistencia de representantes da Xunta Local. Tamén se uniron á iniciativa a S.D. Compostela, Victoria F.C., San Pedro F.C., C.D. Conxo, A.D. Burgo das Nacións, CompoSala, Alto do Vento F.S., Codima Futsal, Racing San Lorenzo, Estrela Vermelha, Rosalía FEDESA, C.D. Galogrín, A.D.M. Peleteiro, Santiago Rugby Club, Raxoi Hóckey Club, Club Hóckey Compostela, Hóckey Orosó, Club Voleibol Santiago, Club Natación Ciudad de Santiago, Club Atletismo O Pino, Escola Deportiva *Os Miúdos*, Club Deportivo San José de Cluny Santiago, Multiusos Fontes do Sar, Brooklyn Fitboxing Santiago de Compostela e a escola de baile

**A FUNDACIÓN DO R.C. DEPORTIVO SUMOUSE Á CAMPAÑA COA SÚA INICIATIVA BRAZALETES SOLIDARIOS, CENTRADA NA LOITA CONTRA O CANCRO DURANTE TODO FEBREIRO**

e adestramento persoal *Tempos e Menssana*.

O resto da provincia non quixo perder a oportunidade de unirse á iniciativa. A Pobra do Caramiñal contou co Puebla F.C.; en Abegondo participou o Club de Balonmán Abegondo; en Ames uníronse o Club Atletismo Millaraio, o Club de Patinaxe Artístico Omega e o Club Baloncesto Ames; en Ares, o C.F. Numancia, o Club de Tenis Redes, Smash Pádele Ares Futsal; en Arteixo, o Club Baloncesto Arteixo, o Club Arteixo Balonmán e o Club Atlético Arteixo; en As Pontes de García Rodríguez, a A.D.

**A CAMPAÑA REIVINDICOU A ADAPTACIÓN DUN MODELO DE ATENCIÓN INTEGRAL A CADA REALIDADE, QUE A ASOCIACIÓN PRESENTOU ESE MESMO 4 DE FEBREIRO**



Arteixo



Carballo



Lousame



Miño



Mugardos



Pontedeume



O Porto do Son



Santaballés Veteranos, o Club Lago DVS Sport e O Esteo F.S.; en Boiro, o C.F. Boiro e o Club Baloncesto Santa Baia; en Cabana de Bergantiños, equipos de fútbol de Ponteceso, Zas, Cabana e Laxe; en Camariñas, o C.F. Porteiro, o C.F. Escola Cabrejo e o C.D. Camelle; en Cambre, o Sporting Cambre e o Hóckey Club Cambre; en Carballo, o Bergantiños C.F., a Agrupación Xiria, a Escola Lubiáns, o Club Deportivo Sofán, a Sociedade Deportiva Oza, o Colexio Artai e Sysca Natación; en Carral, a U.D. Carral; en Cedeira, o Fútbol Cedeira S.D. e o Club de Pádel Cedeira—ademais, os brazaletes estiveron presentes no campionato nacional de bádminton que se celebrou na localidade—; en Cee, os clubs de fútbol Dumbria, Corcubión e Cee;

## AS XUNTAS LOCAIS DA PROVINCIA IMPLICÁRONSE A FONDO NA INICIATIVA

en Coristanco, a S.D. Coristanco; en Culleredo, o Club Balonmán Culleredo; en Curtis, o C.C.D. de Curtis e a S.D.C. de Teixeira; en Fisterra, o C.F. Fisterra; en Muros, o C.D. Muros; en Muxía, o C.F. Muxía; en Noia, o C.F. Noia, o Lesende C.F. e o Club Voleibol Noia; en Oleiros, o Santa Cruz C.F., o Club Hóckey Oleiros, o Club Balonmán Atlántico, o Club Baloncesto Montrove, Golf Xaz, Rabadeira Patinaxe e os ximnasiaos Well Street de Bastiagueiro e Santa Cruz; en Ordes, o C.F. Ordes, o Club Hóckey Ordes e o Club Patin Zendal Ordes; en O Porto do Son, o C.F. Porto do Son, o C.F. Queiruga e o C.F. Xuño; en Rianxo, o Club Voleibol Rianxo e o Club Baloncesto Rianxo, e en Santa Comba, o Balonmán Xallas. Tamén se levaron a cabo eventos relacionados con diferentes deportes na Laracha, Betanzos, Pontedeume e Ribeira.

Máis alá do ámbito deportivo, este ano sumáronse á iniciativa centros educativos de toda a provincia,

**MÁIS ALÁ DO ÁMBITO DEPORTIVO, ESTE ANO SUMÁRONSE CENTROS EDUCATIVOS DE TODA A PROVINCIA, EMPRESAS E ENTIDADES COMO NAVANTIA, REPSOL, ALCAMPO, ALI BEBÉ, ALI HOGAR, BANDALUX E ACEITES ABRIL**

empresas e entidades como Navantia, Repsol, Alcampo, ALI Bebé, ALI Hogar e Bandalux. Entre as colaboracións destacou Aceites Abril, que adquiriu brazaletes solidarios para os equipos que patrocina en Galicia, sumándose activamente á campaña e contribuíndo a estender este símbolo de esperanza. Ademais, en Ferrol, a Orquestra Sinfónica de Galicia ofreceu un concerto organizado pola Sociedade Filarmónica Ferrolana, que se adheriu á campaña e cuxos integrantes portaron lazos solidarios como mostra de apoio.



Cee



Dumbria



Noia



Ordes



Paderne



Ames



Aranga



A Laracha

## A provincia da Coruña xoga o seu papel contra o cancro de colon

A campaña puxo o foco na importancia dos cribados mediante o Test de Sangue Oculto en Feces nas persoas de entre 50 e 69 anos

Por Xose Aldámiz

O pasado 31 de marzo conmemorouse o Día Mundial contra o Cancro de Colon. Con motivo desta data e para concienciar á sociedade, a Asociación desenvolveu a súa campaña de sensibilización baixo o lema "Xoga o teu papel contra o cancro de colon". A iniciativa implicou a celebración de actividades e eventos en todo o país que puxeron de manifesto a importancia da detección precoz a través da participación das persoas de entre 50 e 69 anos nos cribados mediante o Test de Sangue Oculto en Feces.

"O obxectivo principal da campaña é sensibilizar e concienciar á poboación da importancia de participar nos cribados, porque salvan vidas", declara Iria Villar, técnica de Prevención e Promoción da Saúde da Asociación. "Facer o diagnóstico nun primeiro estadio da enfermidade supón unha maior posibilidade de recuperación sen ter que pasar por un proceso de tratamento". Calcúlase que nove de cada dez persoas sobrevivirían ao cancro de colon se se detecta a tempo.

O proceso para realizar o cribado é moi sinxelo, cómodo e indoloro. As persoas de entre 50 e 69 anos con tarxeta sanitaria do Sergas reciben unha invitación para formar parte do programa de detección precoz a través dunha carta remitida aos seus domicilios. Esta mensaxe vén acompañada dun folleto explicativo e de material necesario para a toma da mostra de feces, que se pode depositar no centro de saúde máis próximo. Desde alí, envíase ao laboratorio de referencia. Se non se atopan restos de sangue nas deposicións, a proba considérase negativa e, en dous anos, enviarase un novo kit para repetir o test. En caso positivo, cítase ao paciente na consulta de atención primaria para achegar toda a información necesaria e explicaselle a necesidade de realizar unha colonoscopia. Os resultados

envíanse a través dunha mensaxe de texto ao teléfono móbil das persoas subscritas a este tipo de comunicación co Sergas e, ademais, encóntranse dispoñibles na plataforma É-Saúde.

**NUMEROSAS EMPRESAS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS SUMÁRONSE Á INICIATIVA NA PROVINCIA CORUÑESA**

**A ASOCIACIÓN INSTALOU MESAS INFORMATIVAS EN DIFERENTES LOCALIDADES E ORGANIZOU CHARLAS DIVULGATIVAS SOBRE CANCRO DE COLON**

Para que o cribado de cancro de colon teña éxito é imprescindible que estea dispoñible para o 100 % da poboación diana e unha participación do 65 %, como mínimo. En Galicia, os datos da Consellería de Sanidade, de 2013 a 2024, indican que a participación media da poboación galega no cribado de cancro de colon foi do 49,2 %, cunha maior implicación entre as mulleres —sete puntos porcentuais por enriba dos homes—. En 2023, detectáronse máis de 40.000 novos casos en España, dos cales 2.764 foron rexistrados



Charla nas instalacións de Navantia en Ferrol



en Galicia.

Múltiples empresas e centros da provincia sumáronse á iniciativa da Asociación, como as asociacións de hostalaría da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, que colocaron adhesivos nos seus locais. A través dun código QR, os usuarios conectáronse á web da campaña, que ofrece información sobre como se realizan os cribados en cada comunidade autónoma, os factores que condicionan a aparición da enfermidade e os medios de prevención.

En Ferrol, Navantia axudou colocando os adhesivos nas súas instalacións. Ademais, incluíu infografías explicativas sobre a enfermidade xunto aos resultados dos recoñecementos médicos dos traballadores de entre 50 e 69 anos. Tamén compartiu datos de interese a través da súa *newsletter* nacional e acolleu dúas charlas organizadas pola Asociación en Ferrol e Fene o 14 de abril. Por outro lado, Corme, co apoio do Concello de Cabana de Bergantiños, acolleu un relatorio o 26 de marzo e o día 25 realizouse outro de maneira *online* para os traballadores de Afundación. Seguindo esta estela de colaboracións, os centros de saúde da comunidade autónoma instalaban carteis informativos sobre a campaña, co apoio da Consellería de Sanidade.

**“FACER O DIAGNÓSTICO NUN PRIMEIRO ESTADIO DA ENFERMIDADE SUPÓN UNHA MAIOR POSIBILIDADE DE RECUPERACIÓN SEN TER QUE PASAR POR UN PROCESO DE TRATAMENTO”**

Iria Villar

Os voluntarios tiveron un papel protagonista na divulgación de información entre a poboación sobre as repercusións e efectos do cancro de colon e os medios para prevelo. Varias mesas instaláronse o día 31 de marzo nos centros cívicos da cidade herculina: Eiris, Os Rosales, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza e Os Mallos. Tamén acudiron ao CHUAC —dende o 6 ata o 10 de abril— e ao Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol —entre o 7 e o 27 de abril—; un labor divulgativo que tamén levou a cabo o voluntariado do Carriño Don Amable —que recorre os centros da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela— entre o 6 e o 24 de abril.

Ademais, as Xuntas Locais uniron forzas con organizacións, confrarías e outras entidades para difundir a campaña nos centros de saúde e nas rúas, especialmente

**“O OBXECTIVO PRINCIPAL DA CAMPAÑA É SENSIBILIZAR E CONCIENCIAR Á POBOACIÓN DA IMPORTANCIA DE PARTICIPAR NOS CRIBADOS, PORQUE SALVAN VIDAS”**

Iria Villar



Charla informativa en Corme

**A ASOCIACIÓN FINANCIA 87 PROXECTOS QUE INVESTIGAN O CANCRO DE COLON. NA PROVINCIA DA CORUÑA DESENVÓLVENSE CINCO DELES, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 767.000 EUROS**



Voluntarias na Coruña

# DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO DE COLON



Charla nas instalacións de Navantia en Fene



Voluntariado na Coruña

## A NIVEL NACIONAL, A ASOCIACIÓN CELEBROU UNHA XORNADA XUNTO Á AXENCIA INTERNACIONAL PARA A INVESTIGACIÓN SOBRE O CANCRO QUE ABORDOU, ENTRE OUTROS TEMAS, O ESTADO DOS CRIBADOS

te entre os homes, que participan menos nos cribados.

A nivel nacional, o 25 de marzo celebrouse unha xornada xunto á Axencia Internacional para a Investigación sobre o Cancro (IARC), que forma parte da Organización Mundial da Saúde. O estado ac-

tual dos cribados e a elaboración de novas recomendacións a partir dos datos aportados polas comunidades autónomas foron algúns dos temas prioritarios do encontro. O programa incluíu entre as súas actividades unha mesa redonda sobre os retos do cribado

na que participou Sagrario Pérez, subdirectora xeral de Estilos de Vida Saudables da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A importante aposta da Asociación no ámbito da investigación tamén se reflicte nos proxectos relacionados co cancro de colon que financia a entidade. Actualmente, desenvólvense 87 en centros de toda España, cun investimento que supera os 24 millóns de euros. Na provincia da Coruña sitúanse cinco deles, cun financiamento de máis de 767.000 euros.

Coa túa aportación seguimos axudando a persoas con cancro e ás súas familias.



**Por teléfono:**  
**900 900 930**



**Vía web:**  
**contraelcancer.es**



**Presencialmente**  
**nas nosas redes**



@contraelcancer.acoruna

@ContraCancerAC



**asociación  
española  
contra o cancro**





Marea verde en A Coruña

## Las andainas movilizan a la provincia

Miles de personas se sumaron a la marea verde de *En Marcha Contra el Cáncer* en trece localidades

Por Xose Aldámiz

**E**n *Marcha Contra el Cáncer* ha unido a los habitantes de la provincia con sus *andainas*. Desde abril, miles de personas han recorrido las calles de sus pueblos y ciudades en un ambiente festivo, acompañadas de sus seres queridos, amigos, vecinos y mascotas para mostrar su apoyo a las personas con cáncer y sus familias, contribuir a la labor solidaria de

la Asociación y potenciar la investigación oncológica. A lo largo del primer semestre del año, las *andainas* tiñeron las calles con el verde de la esperanza frente al cáncer en Ordes —12 de abril—, Pontedeume —19 de abril—, A Laracha —26 de abril—, Miño —10 de mayo—, Ribeira —16 de mayo—, A Coruña —24 de mayo—, Betanzos —31 de mayo—, Arteixo —7 de junio—, As Pontes de

García Rodríguez —7 de junio—, A Pobra do Caramiñal —14 de junio—, Camariñas —20 de junio— y Mugar dos y Boiro —21 de junio—.

Rocío García de la Barga, responsable de Coordinación Territorial de la Asociación en la provincia, explicó que “una de las novedades de las *andainas* de este año es que tienen un punto importante de Espacios Sin Humo. Hemos procurado incidir en mensajes relevantes sobre prevención, especialmente frente al tabaco. Al tratarse de eventos deportivos, nos han parecido ocasiones estupendas para poner en valor la importancia de dejar de fumar y no utilizar vapeadores”.

Por su parte, María González, responsable de Sostenibilidad Económica de la Asociación en la pro-



**“AL TRATARSE DE EVENTOS DEPORTIVOS, NOS HAN PARECIDO OCASIONES ESTUPENDAS PARA PONER EN VALOR LA IMPORTANCIA DE DEJAR DE FUMAR Y NO UTILIZAR VAPEADORES”**

Rocío García de la Barga





Equipo de voluntariado que participó en la *andaina* coruñesa

**“HAY INSCRITOS MUY FIELES QUE INVITAN A SU CÍRCULO MÁS CERCANO A QUE PARTICIPEN”**

María González



vincia, destacó el desarrollo que estos eventos han experimentado en los últimos años. “Hay inscritos muy fieles que invitan a su círculo más cercano a que participen, y también hemos realizado más actividades para conseguir una mayor difusión. Cuando se afianza un acto de estas características, lo normal es que tenga un crecimiento orgánico y constante”.

Esa evolución quedó patente en la XIII edición de *En Marcha Contra el Cáncer* en A Coruña, la más multitudinaria de los últimos meses, donde se superaron los 3.600 inscritos y en la que colaboraron alrededor de cien personas voluntarias. Los participantes se reunieron en los alrededores de Puerta Real

para caminar juntos los cinco kilómetros de recorrido por el paseo marítimo de la ciudad. Además, la jornada contó con una gran variedad de actividades diseñadas para toda la familia durante la mañana. Como es habitual, hubo un calentamiento y una sesión de *Salsation* impartida por profesionales de Ter-

**“SI SE CREA UN INTERÉS POR LA CIENCIA DESDE LA INFANCIA, ES MUCHO MÁS SENCILLO DESARROLLARLO CUANDO SE CONVIERTEN EN ADULTOS”**

Carolina Vega



Patrocinadores, autoridades y miembros del Consejo Provincial de la Asociación



maria, y también se habilitó un área de juegos para los más pequeños y un puesto para que las mascotas pudieran refrescarse.

En el evento participaron varios miembros del Consejo Provincial de la Asociación, entre los que se encontraban el presidente, Javier Álvarez Barbeito, y la vocal Otilia Mourelo. Esta última destacó que “hoy salimos a caminar para apoyar, acompañar y avanzar frente a una realidad que nos afecta a todos. Somos más de 3.600 personas caminando juntas y cada una de ellas es necesaria, cada paso cuenta”. También participaron autoridades de la ciudad, como Nereida Canosa, concejala de Bienestar Social, Participación e Igualdad. La representante del Ayuntamiento de A Coruña ensalzó la gran marea verde conseguida y reivindicó la necesidad de “loitar todos xuntos con enerxía contra o cancro polas persoas que pasan por este proceso, as súas fa-

**“LAS EXPERIENCIAS QUE VIVES CON TODA LA GENTE QUE SE UNE A NUESTRAS ANDAINAS SON LO QUE LAS HACE ESPECIALES”**

Pitusa Balseiro





A Laracha



Miño



Betanzos



Ordes



## A Pobra do Caramiñal

“SOMOS MÁS DE 3.600 PERSONAS CAMINANDO JUNTAS Y CADA UNA DE ELLAS ES NECESARIA, CADA PASO CUENTA”

Otilia Mourelo

milias e, sobre todo, a favor da investigación, que resulta esencial".

El Ejército de Tierra colaboró con el voluntariado, cuyo trabajo y compromiso resultan fundamentales para el éxito de las *andainas*. Como novedad, este año se contó con la participación del voluntariado por la ciencia, que se encargó de explicar de forma sencilla conceptos sobre química y biología a niños y niñas mediante experimentos con productos domésticos. "Esta es la forma de avanzar. Si se crea un interés por la ciencia desde la infancia, es mucho más sencillo desarrollarlo cuando se convierten en adultos", comentó Carolina Vega, una de las voluntarias que colaboró en la campaña divulgativa.

En el equipo de personas voluntarias también estuvo Rosario Varela, que colaboró por prime-

ra vez en una *andaina*. Decidió unirse "porque hay mucha gente que padece la enfermedad", así que "me volqué con la Asociación". También destacó los efectos positivos de la actividad, especialmente para aquellas personas que mantienen un estilo de vida sedentario. Por otro lado, Manu Corbelle, que lleva tiempo formando parte del equipo de voluntariado de la Asociación, señaló que "este es el día en el que contamos con más personas implicadas. Te encuentras con compañeros que hace tiempo que no ves. Aquí coincidimos todos. Además, tiene un gran impacto para la ciudad al dar mayor visibilidad a la Asociación, que es lo que busca

**“É NECESARIO LOITAR  
TODOS XUNTOS  
CONTRA O CANCRO  
POLAS PERSOAS QUE  
PASAN POR ESTE  
PROCESO, AS SÚAS  
FAMILIAS E, SOBRE  
TODO, A FAVOR DA  
INVESTIGACIÓN”**

Nereida Canosa

mos para lograr nuevas colaboraciones".

Entre las voluntarias veteranas también se encontraba Pitusa Bal-seiro, que ha participado en múltiples ediciones del evento. Esta





Arteixo



As Pontes de García Rodríguez



Pontedeume



Ribeira

vez lo hizo desde el Punto Solidario, donde numerosos participantes continuaron ayudando a la Asociación al adquirir productos con los que también se financian los servicios gratuitos de la entidad y la investigación. “Las experiencias que vives con toda la gente que se une a nuestras *andainas* son lo que las hace especiales. Nos encontramos con pacientes que hemos visitado en los hospitales y con los que entablamos amistad, y también con personas que vienen porque han perdido a alguien o debido al cariño que sienten por la Asociación. Se trata de un día muy emocionante”.

En la zona infantil, Ángeles Fernández y Flavia Rodríguez acompañaron a los niños mientras jugaban. “La gente se vuelca muchísimo con la *andaina*”, afirmó Flavia. Por

su parte, Ángeles admitió sentirse implicada emocionalmente en el evento debido al reciente fallecimiento de su hermano a causa de un tumor cerebral. “Estou contenta de participar en algo que resulta vital para la prevención e a investigación. Agradezo estar aquí no nome do meu irmán”, aseguró.

Más allá de la *andaina* coruñesa, la encargada de dar el pistoletazo de salida al circuito de *En Marcha Contra el Cáncer* de este año fue la Junta Local de Ordes el 12 de abril. Su presidenta, Carmen Iglesias, destacó entre las novedades la ampliación del recorrido hasta los 7,5 kilómetros a petición popular. “Si hace buen día, la gente se anima a seguir cuando empieza a andar. Es un momento en el que todos caminan juntos y están motivados por una buena causa”. Además, enfatizó los valores positivos que la jornada lleva implícitos. “Es una muestra de la concienciación de las personas ante la enfermedad, y también permite que nuestra Junta Local se dé más a conocer” entre la población.

**“LA ANDAINA DE MIÑO RESULTÓ MUY SATISFACTORIA. TRABAJAMOS MUCHO Y LA GENTE ESTUVO MUY CONTENTA Y ANIMADA”**

Marta Seijo

Otra de las caminatas celebradas en las últimas semanas tuvo lugar en Miño. Fue la primera organizada por los nuevos integrantes de su Junta Local, que consiguieron un gran éxito de participación. Marta Seijo, su presidenta, afirmó que el evento —que tuvo lugar el 10 de mayo— estuvo cargado de emociones y recuerdos para los participantes y para ella misma. “Resultó muy satisfactoria. Trabajamos mucho y la gente estuvo muy contenta y animada”. Durante la jornada también se vivieron momentos emotivos. Entre ellos, recordó especialmente “a una chica que había pasado por un tratamiento oncológico. Se acercó al acabar el recorrido para decirme: ‘Lo conseguí. Al final pude hacerlo’”.

**“LA ANDAINA ES UNA MUESTRA DE LA CONCIENCIACIÓN DE LAS PERSONAS ANTE LA ENFERMEDAD”**

Carmen Iglesias





# A 'Rede de Concellos Contra o Cancro' favorece a coordinación para mellorar a atención ás persoas con cancro e ás familias no rural

O programa, creado co apoio da Deputación da Coruña, presentouse durante o encontro de Xuntas Locais o 23 de abril

Por Víctor Porto

**A** nova Xunta Provincial iniciou a súa etapa cun proxecto que deu a coñecer durante o encontro anual de Xuntas Locais. O Espazo Avenida Abanca da Coruña acolleu o 23 de abril esta cita, destinada a afianzar lazos entre o voluntariado de toda a provincia, á que acudiron representantes das Xuntas Locais e de 33 corporacións municipais.

Os asistentes foron os primeiros en coñecer a 'Rede de Concellos Contra o Cancro', unha iniciativa

**"TEMOS A RESPONSABILIDADE DE AVANZAR, PORQUE AS NECESIDADES DOS PACIENTES SON CADA DÍA MÁIS COMPLEXAS"**  
Javier Álvarez Barbeito

impulsada co apoio da Deputación que ten como obxectivo favorecer a coordinación e o contacto entre a Asociación e as administracións locais para ofrecer unha resposta coordinada a unha problemática de elevada incidencia na provincia da Coruña.

A nova rede favorece que as entidades municipais ofrezan aos pacientes, veciños e veciñas información preventiva, comunitaria e de apoio psicosocial, con especial atención ás contornas rurais e semiurbanas. "O obxectivo é moi claro: tratar de chegar a máis persoas e pacientes", declarou Javier Álvarez Barbeito, presidente da Xunta Provincial da Asociación, que reivindicou o carácter pioneiro deste proxecto. A iniciativa posibilita a creación de canles de derivación de pacientes desde os servizos sociais municipais aos da Asociación —apoio psicolóxico, fisioterapia, logopedia, nutrición, apoio sociolaboral e axudas económicas de urxencia—. Ademais, facilita o acceso a programas de axuda, impulsa accións de prevención e dinamiza a creación de vías de apoio por medio do voluntariado. "Temos a responsabilidade de avanzar, porque

as necesidades dos pacientes son cada día máis complexas”, asegurou.

O presidente provincial tamén valorou o éxito dos Clubs de Saúde. As experiencias deste programa de intervención sociocomunitaria para achegar os servizos da Asociación a municipios apartados das principais zonas urbanas inspiraron a formación desta 'Rede de Concellos Contra o Cancro'. En ambas as propostas, a Asociación procura a equidade fronte a obstáculos coma a dispersión territorial e o envellecemento da poboación. “Non buscamos máis que a igualdade no acceso aos servizos para todos os pacientes con cancro, independentemente do municipio ou territorio no que vivan”. En definitiva, “este proxecto é unha forma de estar máis preto das persoas con cancro e das súas necesidades en calquera recuncho da nosa provincia”.

A iniciativa conforma “un paso que había que dar”, sinalou Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña. “Os Concellos son a administración que se atopa máis preto da cidadanía e da sociedade. Son as entidades que coñecen as realidades humanas e familiares de cada un dos veciños dos municipios, sobre todo dos pequenos e medianos. Empregar os Concellos para despregar esa rede de apoio e solidariedade para as familias é un labor necesario e unha proposta intelixente que a Deputación ten que apoiar”.

**“NON BUSCAMOS MÁIS QUE A IGUALDADE NO ACCESO AOS SERVIZOS PARA TODOS OS PACIENTES CON CANCRO, INDEPENDENTEMENTE DO MUNICIPIO OU TERRITORIO NO QUE VIVAN”**

Javier Álvarez Barbeito



J. Álvarez Barbeito e V. González Formoso

**“EMPREGAR OS CONCELLOS PARA DESPREGAR UNHA REDE DE APOIO E SOLIDARIEDADE PARA AS FAMILIAS É UN LABOR NECESARIO E UNHA PROPOSTA INTELIXENTE”**

Valentín González Formoso

Pola súa banda, Rocio García de la Barga, responsable de Coordinación Territorial da Asociación na provincia, incidiu no impacto da 'Rede de Concellos Contra o Cancro', que “representa una alianza estratégica que pone en valor la buena relación que la Asociación tiene con las

administraciones municipales en todos los Ayuntamientos en los que está presente”.

Ademais de afondar nos beneficios do proxecto, Javier Álvarez Barbeito tamén dedicou a súa intervención ao labor dos membros do anterior Consello Provincial, liderado por Manuel Aguilar —que recibiu unha calorosa ovación á súa chegada ao Espazo Avenida Abanca—. “Realizou un traballo absolutamente excepcional. Nos oito anos nos que estivo á fronte, a Asociación conseguiu un salto cualitativo e cuantitativo importantísimo, tanto no que se refire á prestación de servizos como ao número de pacientes aos que se lles brindaron”. Ademais, enxalzou os esforzos do voluntariado nas Xuntas Locais. “As voluntarias e voluntarios, con gran sensibilidade, sosteñen situacións moi complexas, orientando, escoitando e estando preto dos veciños e veciñas”.

A continuación, a Asociación puxo en valor a traxectoria das Xuntas Locais que celebran o seu

**“LA ‘REDE’ REPRESENTA UNA ALIANZA ESTRATÉGICA QUE PONE EN VALOR LA BUENA RELACIÓN QUE LA ASOCIACIÓN TIENE CON LAS ADMINISTRACIONES MUNICIPALES”**

Rocio García de la Barga



Fermin Álvarez e Javier Álvarez Barbeito



Alfredo Castro e Julia Blanco



Maria Garcia e Maricarmen Facal





Os asistentes participaron en varias dinámicas grupais durante o encontro de Xuntas Locais

aniversario en 2026 e que levan décadas traballando para achegar os servizos, eventos e actividades da entidade aos seus municipios. Nesta ocasión, a Xunta de Santiago de Compostela recibiu un diploma polo seu esforzo incansable ao longo de cincuenta anos —que recolleu Antonio Guerrero, exvicepresidente da Xunta Local compostelana—. Do mesmo xeito, os presidentes das Xuntas de Aranga —Fermín Álvarez—, Cabana de Bergantiños —Julia Blanco— e Coristanco —Maricarmen Facal— recibiron o recoñecemento da Asociación por tres décadas de labor solidario.

A segunda parte da xornada estivo composta por varias charlas e dinámicas nas que participaron profesionais dos Servizos Centrais da Asociación: Nuria Masana, directora corporativa de Asuntos Públicos, Comunicación e Marketing; Santiago Velázquez, director de Comunicación, e Pablo Campins, técnico de Asuntos Públicos e Relacións Institucionais. O seu

**“ASPIRAMOS A QUE LAS ACCIONES QUE HACEMOS DE FORMA INDIVIDUAL PROVOQUEN UN CAMBIO INSTITUCIONAL PARA QUE ESA AYUDA LLEGUE A MUCHÍSIMAS MÁS PERSONAS”**

Nuria Masana



P. Campins, R. García, N. Masana e S. Velázquez

relatorio levou como título *Liderar a sociedade na loita contra o cancro. Que significa?*

“Nuestro Plan Estratégico actual intenta responder a la pregunta de qué quiere ser la Asociación Española Contra el Cáncer y qué quiere conseguir en los próximos cinco años”, explicou Nuria Masana. “Buscamos generar impacto, y eso se añade a la visión que teníamos hasta ahora de aliviar y evitar el sufrimiento de los pacientes oncológicos y sus familiares. Significa que, además de atender a todas las personas que tratamos en nuestras sedes provinciales y locales, procuramos ser una entidad capaz de generar cambios en los entornos en los que

trabajamos, como nuestros pueblos o ciudades. De esta forma, aspiramos a que las acciones que hacemos de forma individual provoquen un cambio institucional para que esa ayuda llegue a muchísimas más personas”.

Nuria Masana evidenciou que para alcanzar estas transformación e xerar impacto resulta imprescindible que a Asociación se consolide como unha entidade de referencia a través de catro liñas de actuación. Estas están centradas no coñecemento —“saber sobre el cáncer, cómo prevenirlo y cómo atender a los pacientes para proponer mejoras”—, a xeración de consenso, a influencia social e institucional e o recoñecemento do seu traballo e os seus servizos entre a poboación. Pola súa parte, Santiago Velázquez centrouse na relación cos medios de comunicación para afianzar e protexer a mensaxe da Asociación. Revelou que a entidade xera máis de 50.000 noticias ao ano, e que un 80 % son de ámbito territorial e local.

